CA2.16 Aplicáronse os métodos e asignáronse os lugares de conservación das masas e das pastas, tendo en conta as súas características e o seu destino.	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.10 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> </ul>	N	5
CA2.17 Describiuse o procedemento de rexeneración de elaboracións conxeladas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.7 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> </ul>	N	3
CA2.18 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.11 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> </ul>	S	10
CA2.19 Participouse na mellora da calidade durante todo o proceso.	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.12 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> </ul>	N	4
		<b>TOTAL</b>	<b>100</b>

**4.3.e) Contidos**

Contidos
<p>Organización e secuenciación de fases para a obtención de masas e pastas.</p> <p>Conservación por frío e rexeneración de produtos de pastelería.</p> <p>Función das materias primas.</p> <p>Operacións básicas: Bater, mesturar, amasar, incorporar, peneirar, etc. Preparación de latas e moldes. Manexo do rolete, a espátula e a manga pasteira. Aplicación doutras técnicas básicas.</p> <p>Masas folladas. Características. Fundamentos do proceso de follaxe. Tipos e fórmulas básicas de follaxe: básica, de manteiga, invertida e rápida. Principais elaboracións de masas folladas: milfollas, palmeiras, vol au vents, canas, cornetes, ferraduras,</p> <p>Masas batidas ou esponxadas. Características e procesos de elaboración. Principais elaboracións con masas batidas: biscoitos de molde, de prancha e compactos (plum cake, catro cuartos, mármore e bica galega), madalenas, sobados, manteigadas, soletas, mer</p> <p>Masas escaldadas. Características e proceso de elaboración. Principais elaboracións: masa de petisú, chulas e churros.</p> <p>Masas quebradas. Características, técnicas e procesos de elaboración. Tipos de masas quebradas: de fondos, azucrada, sablé e lintzer. Principais elaboracións con masas quebradas: tortas doces (de Santiago, de mazá, etc.) e salgadas (quiche Lorraine, etc.)</p> <p>Pastas secas: tipos e características. Pastas de corte: florentinas, nevados, polvoróns, amendoados, etc. Pastas de crema: linguas de gato, tulipas, tellas, cigarros, cucuruchos, etc. Pastas de manga rizadas e lisas.</p> <p>Outras masas: de pizza, de pans especiais, de empanada galega, etc.</p>

**4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Presentación da unidade didáctica - Dar a coñecer a denominación, duración, obxectivos, contidos e actividades a realizar	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación por parte da profesora dos obxectivos a acadar, contidos e actividades a realizar na Unidade didáctica, e a súa relación coas outras UD e importancia da mesma dentro da programación do módulo.</li> <li>Realización dun breve cuestionario para detectar nivel de coñecementos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Tomar notas durante a explicación e realizar cuestións se as hai.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Anotacións, apuntamentos e mapas conceptuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula polivalente coa dotación habitual (mesas, cadeiras, ordenador e proxector, pizarra...).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> </ul>	1,0



**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	previos do alumnado. Resolución de cuestións en caso de habelas.					
Interpretación das fichas técnicas de produción en pastelería - Cumprimentación, análise e interpretación de fichas técnicas de pastalaría	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exposición e demostración da realización de fichas técnicas de produción de elaboracións de pastelería.</li> <li>Supervisión da cumprimentación das fichas por parte do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de fichas de produción de elaboracións de pastelería.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Fichas técnicas de elaboracións de pastelería e repostería.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula polivalente coa dotación habitual (mesas, cadeiras, ordenador e proxector, pizarra...).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4 - formulación de masas e pastas</li> </ul>	10,0
Estudo, clasificación e descrición das elaboracións a base de masas de múltiples aplicacións - Clasificar, coñecer e describir correctamente as elaboracións realizadas con masas (batidas ou esponxadas, quebradas, escaldadas e folladas	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exposición de material didáctico relativo a masas batidas. Clasificación, descrición e proceso de elaboración. Exemplificación de elaboracións. Usos, aplicacións e conservación.</li> <li>Corrección de cuestionario de asimilación e resolución de dúbidas en caso de habelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Toma de notas e apuntamentos e realización de cuestionario de asimilación. Realización de cuestións en caso de habelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cadros, notas, apuntamentos e mapas conceptuais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula polivalente coa dotación habitual (mesas, cadeiras, ordenador e proxector, pizarra...).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>PE.2 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>PE.3 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> </ul>	20,0
Realización e elaboracións a base de masas - Elaborar e conservar preparacións a base de masas batidas e esponxadas (biscoito lixeiro, superlixeiro, pesados), masas quebradas (pastas de corte de manga, masas para forrar) masas folladas( follado e follado invertido) masas escaldadas (churros, pasta choux)	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración de masas batidas modo demostrativo. Explicación do proceso, supervisión do traballo por parte do alumnado.</li> <li>Explicación dos usos e aplicacións e conservación das elaboracións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Preparación, elaboración, formado de pezas, conservación e rexeneración correcta de elaboracións de pastelería e repostería.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboracións de pastelería baseadas e masas batidas (biscoito molde, biscoito prancha, biscoitos ao vapor, biscoitos pesados, biscoito impreso, etc.). Conservación e rexeneración das elaboracións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula obradoiro de pastelería co equipamento habitual e diferentes materias primas para elaborar masas batidas de pastelería.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.5 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>PE.6 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>TO.1 - Elaboracións e fórmulas dos recheos, cremas, etc</li> <li>TO.2 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>TO.3 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>TO.4 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>TO.5 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>TO.6 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> </ul>	44,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> <li>• TO.7 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• TO.8 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• TO.9 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• TO.10 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• TO.11 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> </ul>	
Actividades de avaliación - Realización de probas de avaliación, escritas e práctica. Avaliación do desenvolvemento das tarefas de produción de elaboracións de masas básicas de múltiples aplicacións e as súas aplicacións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Corrección de probas escrita e práctica de avaliación. Supervisión e corrección das tarefas de obtención de masas batidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización de probas escritas e prácticas de avaliación. Realización de elaboracións de masas batidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Probas escritas e prácticas de avaliación. Elaboracións de masas batidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula obradoiro de pastelería e materias primas para a obtención de masas batidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• PE.2 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• PE.3 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• PE.4 - formulación de masas e pastas</li> <li>• PE.5 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• PE.6 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• PE.7 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• TO.1 - Elaboracións e fórmulas dos recheos, cremas, etc</li> <li>• TO.2 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• TO.3 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• TO.4 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• TO.5 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> </ul>	7,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> <li>• TO.6 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• TO.7 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• TO.8 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• TO.9 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• TO.10 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• TO.11 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> <li>• TO.12 - Elaboracións e fórmulas das masas e pastas.</li> </ul>	
<b>TOTAL</b>						<b>82,0</b>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Técnicas básicas de decoración en pastelería e repostería	72

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Decora o produto tendo en conta a relación entre as elaboracións e as características do produto final, e valora os criterios estéticos.	SI

**4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Dar a coñecer obxectivos, contidos e actividades a realizar e avaliar os coñecementos previos do alumnado respecto ás técnicas básicas de decoración	1	Presentación da unidade didáctica e avaliación de coñecementos previos do alumnado	10,0
2.1 Coñecer as principais técnicas de decoración	2	Normas e combinacións básicas na decoración de produtos de pastelería	26,0
2.2 Analizar as necesidades de decoración en produtos de pastelería			
3.1 Realizar as técnicas de de decoración en función das características do produto final e as súas aplicacións	3	Aplicación de técnicas e procesos de decoración	34,0
4.1 Avaliar o proceso de ensinanza-aprendizaxe tendo en conta os criterios de avaliación	4	Avaliación da unidade didáctica	2,0
<b>TOTAL</b>			<b>72</b>

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Descríbense os principais elementos de decoración en pastelería e repostería, e as súas alternativas de uso.	• PE.1 - Sobre os contidos e actividades desenvoltoas nesta unidade didáctica	S	20
CA4.2 Interpretouse a ficha técnica de fabricación para o acabado do produto.	• TO.1 - Proba práctica para avaliar a interpretación da ficha técnica de produción e o acabado final	N	6
CA4.3 Verifícase a dispoñibilidade dos elementos necesarios para a terminación do produto de pastelería ou repostería.	• TO.2 - Proba práctica para avaliar a dispoñibilidade dos elementos necesarios	N	6
CA4.4 Elíxiuse o deseño básico ou persoal.	• PE.2 - Sobre as actividades desenvoltoas no obradoiro de pastelería	N	10
CA4.5 Realizáronse as técnicas de terminación ou acabado en función das características do produto final, seguindo os procedementos establecidos.	• TO.3 - Proba práctica para valorar a aplicación das técnicas de terminación e acabado de preparacións de pastelería	S	20
CA4.6 Dispuxéronse os elementos da decoración seguindo criterios estéticos preestablecidos.	• TO.4 - Sobre os contidos e actividades desenvoltoas nesta unidade didáctica	N	8
CA4.7 Aplicouse o método de conservación necesario ata o momento da súa utilización ou rexeneración.	• TO.5 - Sobre os contidos e actividades desenvoltoas nesta unidade didáctica	N	8
CA4.8 Valoráronse os resultados finais e identificáronse as medidas de corrección.	• TO.6 - Sobre os contidos e actividades desenvoltoas nesta unidade didáctica	N	6

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.9 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.7 - Sobre os contidos e actividades desenvoltoas nesta unidade didáctica</li> </ul>	S	10
CA4.10 Participouse na mellora da calidade durante todo o proceso.	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.8 - Sobre os contidos e actividades desenvoltoas nesta unidade didáctica</li> </ul>	N	6
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.4.e) Contidos**

Contidos
<p>Decoración de produtos en pastelería e repostería. Normas e combinacións básicas. Control e valoración de resultados.</p> <p>Manexo do enxoval de acabado: cartucho, aerógrafo, etc.</p> <p>Aplicación das técnicas básicas de acabado: pintado con ovo, flambaxe e outras técnicas decorativas.</p> <p>Experimentación e avaliación de combinacións.</p>

**4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Presentación da unidade didáctica e avaliación de coñecementos previos do alumnado - Contextualización da unidade didáctica dentro da programación e explicación dos obxectivos e contidos da mesma	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación por parte da profesora dos obxectivos a acadar, contidos e actividades a realizar na Unidade didáctica, e a súa relación coas outras UD e importancia da mesma dentro da programación do módulo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Toma de notas e apuntamentos. Realización dun breve cuestionario para detectar nivel de coñecementos previos do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Anotacións, apuntamentos e mapas conceptuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula polivalente coa dotación habitual (mesas, cadeiras, ordenador e proxector, pizarra...).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Sobre os contidos e actividades desenvoltoas nesta unidade didáctica</li> </ul>	10,0
Normas e combinacións básicas na decoración de produtos de pastelería - Estudio das principais técnicas e normas de decoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exposición de material didáctico sobre as normas de decoración e presentación de produtos de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Toma de notas e apuntamentos e realización de cuestionario de asimilación. Realización de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Anotacións e resumos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula polivalente coa dotación habitual (mesas, cadeiras, ordenador e proxector, pizarra...).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Sobre os contidos e actividades desenvoltoas nesta unidade didáctica</li> </ul>	26,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	repostería. Descrición dos principais elementos empregados para a decoración. Combinacións básicas. Exposición de exemplos . Aplicacións e conservación dos elementos de decoración.	cuestións en caso de habelas.				
Aplicación de técnicas e procesos de decoración - Aplicación de técnicas de decoración empregando diversas técnicas e diferentes elementos e materia primas	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración dos principais elementos de decoración a modo de demostración. Explicación do proceso, supervisión do traballo do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Preparación de elementos de decoración, e uso dos memos en preparacións de pastelería. Decoracións e montaxes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboracións de elementos de decoración e montaxe de elaboracións de pastelería.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula obradoiro de pastelería co equipamento habitual e diferentes materias primas para elaboracións de pastelería.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Sobre as actividades desenvolvidas no obradoiro de pastelería</li> <li>TO.1 - Proba practica para avaliar a interpretación da ficha técnica de produción e o acabado final</li> <li>TO.2 - Proba práctica para avaliar a dispoñibilidade dos elementos necesarios</li> <li>TO.3 - Proba práctica para valorar a aplicación das técnicas de terminación e acabado de preparacións de pastelería</li> <li>TO.4 - Sobre os contidos e actividades desenvolvidas nesta unidade didáctica</li> <li>TO.5 - Sobre os contidos e actividades desenvolvidas nesta unidade didáctica</li> <li>TO.6 - Sobre os contidos e actividades desenvolvidas nesta unidade didáctica</li> <li>TO.7 - Sobre os contidos e actividades desenvolvidas nesta unidade didáctica</li> <li>TO.8 - Sobre os contidos e actividades desenvolvidas nesta unidade didáctica</li> </ul>	34,0
Avaliación da unidade didáctica - Avaliación da unidade didáctica mediante a realización de diversas probas (escrita, traballos, observación dos resultados nas tarefas de presentación e decoración en produtos de pastelería	<ul style="list-style-type: none"> <li>Corrección de probas escrita e práctica de avaliación. Supervisión e corrección das tarefas de obtención de elementos de decoración en produtos de pastelería.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de probas escritas e prácticas de avaliación. Realización de elementos de decoración e presentación destes elementos en produtos rematados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Probas escritas e prácticas de avaliación. Elaboracións de elementos de decoración e presentación de produtos de pastelería.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula obradoiro de pastelería e materias primas para a realización de elementos de decoración en produtos de pastelería.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Sobre os contidos e actividades desenvolvidas nesta unidade didáctica</li> <li>PE.2 - Sobre as actividades desenvolvidas no obradoiro de pastelería</li> <li>TO.1 - Proba practica para avaliar a interpretación da ficha técnica de produción e o acabado final</li> </ul>	2,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> <li>• TO.2 - Proba práctica para avaliar a dispoñibilidade dos elementos necesarios</li> <li>• TO.3 - Proba práctica para valorar a aplicación das técnicas de terminación e acabamento de peparacións de pastelería</li> <li>• TO.4 - Sobre os contidos e actividades desenvoltoas nesta unidade didáctica</li> <li>• TO.5 - Sobre os contidos e actividades desenvoltoas nesta unidade didáctica</li> <li>• TO.6 - Sobre os contidos e actividades desenvoltoas nesta unidade didáctica</li> <li>• TO.7 - Sobre os contidos e actividades desenvoltoas nesta unidade didáctica</li> <li>• TO.8 - Sobre os contidos e actividades desenvoltoas nesta unidade didáctica</li> </ul>	
<b>TOTAL</b>						<b>72,0</b>

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Práctico terá un peso na nota total do 70%

A proba teórica terá un peso da nota total do 30%

Os mínimos exixibles son os indicados no punto 4 apartado c.

Dos criterios de avaliación que sean mínimos exixibles deberán ter un 60% do criterio ben para ter apto e sumar o valor do CA o resto de CAs serán apto para sumar o valor ou non apto e sumarán 0



## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao dispoñer de suficientes elementos de avaliación pódese realizar unha correcta avaliación continua o que permite tomar medidas correctoras para lograr que o alumnado que presenta carencias en certos obxectivos poidan acadalos, reflectindo as dificultades que existan no proceso de ensino aprendizaxe, baseado na mellora constante de: actitude, orde, limpeza, cumprimento das normas de seguridade e hixiene, coidado do material e dos alimentos,...

A avaliación será ademáis sumativa, e permitiranos comprobar o avance realizado na aprendizaxe polo alumnado. Para o alumnado que o precise realizaranse probas específicas para avaliar a consecución dos obxectivos marcados.

Para o alumnado que non acade unha avaliación positiva do módulo, no período establecido para a recuperación de módulos pendentes, que ten lugar entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos do primeiro curso, o docente realizará un informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. Estas actividades de recuperación poderán ser realizables de forma autónoma polo alumnado, realizando actividades en función dos obxectivos non acadados, e constarán basicamente de:

-Lectura e estudo dos contidos conceptuais do módulo, explicados polo profesor ao longo do curso, empregando o material didáctico recollido, comezando do mais sinxelo ao mais complexo e do singular ao particular (encrucillados sobre o módulo ou UD).

-Realizar esquemas sobre estes temas para asegurar a comprensión e asimilación dos mesmos, e elaboración de traballos sobre instalacións, equipos e útiles necesarios nun obradoiro, características das principais materias primas empregadas en pastelería, as masas e pastas básicas de pastelería, cremas e recheos e salsas, xaropes e coberturas, decoración e presentación e elaboracións de pastelería incluíndo exemplos.

-Realizar pedidos e fichas técnicas de elaboracións de masas, pastas, cremas e recheos, baños e cubertas.

E como reforzo deseñaranse actividades sobre os puntos de maior carencia, e poderán chegar a ser presenciais, para a resolución de dúbidas, corrección de exercicios e realización de probas.

Ao finalizar este período realizaranse probas prácticas e probas escritas para avaliar a consecución dos obxectivos non superados na última avaliación parcial.

A cualificación das probas, que versarán sobre os criterios de avaliación desta programación, puntuaranse de cero a dez puntos. Deberá obterse unha puntuación igual ou superior a cinco puntos para superar cada unha delas.

No caso de promocionar a segundo curso con este módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario. Para este fin, seranlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

En ambos casos realizarase un informe de avaliación individualizado. MD.75.AVA.01 do procedemento de Avaliación PR.75.AVA.01



## 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Cando se perde o dereito a ser avaliado continuamente (ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial), o alumnado ten dereito a un proceso de avaliación extraordinario ao rematar o módulo, sempre antes da última avaliación do curso. Polo que deberá superar unha proba escrita convencional avaliando a adquisición dos contidos tratados no módulo, e unha proba práctica consistente en elaboracións de similar natureza ás realizadas no curso, tratando un mínimo de 4 unidades didácticas. A cualificación destas probas terá unha puntuación que irá de cero a dez puntos. Para a superación destas probas deberá obterse unha puntuación igual ou superior a cinco puntos en cada unha delas.

Na secretaría do centro deberá quedar constancia da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

O alumnado será apercibido ou perderá a avaliación continua, cando supere o número de faltas equivalente a:

-Apercebemento superado o 6% da duración do módulo: 14 faltas.

-Perda do dereito superado o 10% da duración do módulo: 24 faltas sen xustificación, segundo establece o RRI do centro .

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realizarase o seguimento da programación didáctica, tal e como se recolle na normativa, ao longo do curso académico, ao mesmo tempo que se realiza a práctica docente, onde se reflectirá o grao de cumprimento con respecto á programación e de ser o caso deberán xustificarse de forma razoada as desviacións. Este proceso farase na aplicación informática edu.xunta.es/programacions. Os principais indicadores do grao de cumprimento da programación serán: O de cumprimento da temporalización, o logro dos obxectivos programados e os resultados académicos acadados.

A avaliación da práctica docente en si debe consistir nunha autoavaliación do profesor, e promoverase a participación do resto de profesores e do alumnado no proceso. Os instrumentos básicos de recollida de información poden ser cuestionarios ao alumnado, diálogo entre profesores do Departamento para analizar e reflexionar sobre os aspectos relacionados coa práctica docente, e autoavaliación do profesor.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28, ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa e capacidades do alumnado, e establecerá as medidas educativas necesarias que poidan beneficiar ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe, especialmente co alumnado que presenta NEE. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Para este módulo pasarase durante a segunda quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados na sesión de avaliación inicial polo equipo docente do ciclo e datos de información de matrícula.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas.

Segundo o Plan de atención á Diversidade do centro, en cumprimento do Decreto 229/2011, DOG (21-12-2011), art.8, na primeira reunión do Equipo Docente, estableceranse as medidas ordinarias de atención á diversidade que corresponden aplicar en cada caso segundo contempla á normativa, de xeito especial co alumnado con Certificación Oficial de Minusvalía.

Algunhas destas medidas son:

O profesorado favorecerá a integración social do alumno na aula e no centro.

O alumno/a estará situado nun lugar próximo ao profesor, para favorecer a súa atención e unha mellor comprensión das explicacións.

Recibirá os contidos dos temas alomenos unha semana antes de que o profesorado os explique na aula.

Comprobar si o alumno ou alumna entende a explicación, preguntando ao grupo en xeral, o que non se comprendeu ben, (dirixirse en particular ao alumno/a que non pregunte).

Favorecerase a súa adaptación ao traballo en equipo cos compañeiros.

Un alumno ou alumna seleccionado polo profesor, desenvolverá as tarefas indicadas en equipo con aquel compañeiro ou compañeira que a criterio do profesor lle poida resultar beneficioso.

Nas tarefas habituais na aula e nas avaliacións, aplicarse unha flexibilización temporal ou de espazos, que favorecezan o remate das mesmas.

No caso de contemplar a necesidade de algunha outra flexibilización, o equipo docente poporá ás prioridades en relación con aqueles módulos cunha dificultade asumible para o alumnado que o precise.

Cando sexa necesario tomar medidas de reforzo educativo cando un alumno ou alumna non responda globalmente aos obxectivos programados, proporanse para cada un deles e de xeito individualizado as actuacións, de acordo co equipo docente, baseándose na aplicación do establecido no apartado de contidos mínimos, reforzar con explicacións mais sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, no contexto dos obxectivos mínimos de cada módulo, e tomar como referencia os aspectos esenciais do perfil profesional característico do título.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

-Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa da súa orientación sexual o se xénero, raza, crenzas ou calquera outra

característica de diferenciación entre as persoas.

-Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente, correcto tratamento dos desechos que se producen nas elaboracións e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

-Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

-Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e procurando atopar solucións de consenso.

-Educación do consumidor: Fomentando entre o alumnado un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, obradoiros,...)

-Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias, Tendo en conta a singularidade desta profesión e complexo deixar as actividades cerradas con antelación, sobre todo as datas, xa que dependemos ter disponibilidad dentro das datas que fixen os eventos que poidan acontecer. As posibles actividades serán o forum gastronómico, visita a feiras de mostras ou gastronómicas, visita algún muiño e/ou panadería-pastelería que nos poida recibir.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Anexo situacións alternativas á actividade presencial

-Avaliación de tarefas relacionadas coa adquisición de competencias relacionadas cos RA.

-Realización de cuestionarios de avaliación sobre os contidos desenvolto.

-Realización de traballos de asimilación e ampliación dos contidos.

-Realización de tarefas para a obtención elaboracións de pastelería relacionadas cos RA do módulo.

Dada a importancia dalgunha UD coma a UD3 farase pezas de boiería para simular un punto de venda no centro para a comunidade educativa do centro e desta forma ver a presentación e metodos de venda.

Tamén se farán tarefas das unidades didácticas que así o requira a produción e desta forma faranse tarefas complementarias, de consolidación ou reforzo, non avaliábeles.

TEMPORILACIÓN

- 1ª Avaliación se imparten as UDs 1 e 2, mais tarefas da unidade 3 en forma de tarefas complementarias.
- 2ª Avaliación se imparte a UD 3 con tarefas de consolidación ou de reforzo para o alumnado que así o precise
- 3ª Avaliación se imparte a UD 4 con tarefas de consolidación ou de reforzo para o alumnado que así o precise